

NON TE PASES, HOME NIN O FAGAS NO MEU NOME

Os asinantes, homes, decimos si á *LEI CONTRA A VIOLENCIA Á MULLER E Á FAMILIA*.

Porque non podemos ser cómplices diante da realidade que, un ano tras doutro, mata a decenas de mulleres e obriga a outras moitas a abandona-los seus traballos, os seus fogares e a seus lugares de residencia, tentando esquivar ó seu agresor; unha violencia que provoca cada ano o suicidio de centos de mulleres e maltrata psicolóxicamente a centenas de milleiros.

Porque a violencia executada por homes contra mulleres require medidas específicas, pois non se asemella en nada, nin en cantidade nin polas súas características, ós illados casos de violencia de mulleres contra homes.

Porque esta violencia asimétrica é un terrorismo machista que non acepta a emancipación de quen o sofre, polo que a súa forma máis extrema, o asasinato, ten lugar, na meirande parte dos casos, cando a muller rompeu ou está en proceso de ruptura co agresor.

Porque esta violencia de dominación afecta ós dereitos e liberdades do conxunto das mulleres, xa que non só maltrata ou mata ás directamente afectadas senón que contribúe a crear un clima de intimidación e temor xeralizado á hora de denuncia-los malos tratos e romper cos maltratadores.

Porque o proxecto de *LEI CONTRA A VIOLENCIA Á MULLER E Á FAMILIA* non é inconstitucional nin o é singulariza-lo tratamento dado a diversas formas de violencia, en función do dano social causado por elas.

Porque a adopción de medidas sociais e penais que combatan de xeito específico a violencia de xénero non é unha discriminación dos homes senón unha acción positiva urxente e imprescindible.

Porque non avalaremos co noso silencio infundadas alegacións de discriminación masculina, procedentes en moitos casos dos que son máis indiferentes diante da realidade dunha discriminación das mulleres en salario e no emprego, na distribución do tempo de traballo non retribuído, na composición dos órganos directivos de entidades públicas ou privadas, e aínda en leis como as que rexen a ordenación dos apelidos ou a sucesión ó trono, violando o artigo 14 da Constitución que prohíbe calquera discriminación por razón de sexo.

**PORQUE A LOITA DAS MULLERES ABREUNOS OS OLLOS
PORQUE A SÚ LIBERDADE E SEGURIDADE É A NOSA DIGNIDADE
PORQUE A SÚA DOR TAMÉN NOS DOE
PORQUE NON QUEREMOS SER CÓMPlices**

**NÓS, HOMES, DECIMOS
NON Ó TERRORISMO MACHISTA
SI Á *LEI CONTRA A VIOLENCIA Á MULLER E Á FAMILIA***

**SUBSCRIBO O MANIFIESTO
NON TE PASES, HOME, NIN O FAGAS NO MEU NOME
SI Á LEI CONTRA A VIOLENCIA Á MULLER E Á FAMILIA**

Nome e apelidos (e DNI)	Sinatura	Teléfono	Dirección postal
		Correo electrónico	